

DEZ RETRATOS PARA XABIER

Laudatio lida en Castro de Ribeiras de Lea,
o 21 de xuño do ano 2014

AGRADECEMENTOS INICIAIS

Sei que debo iniciar a miña intervención expresando o meu agradecemento ás persoas e ás institucións que fan posible este acto de hoxe. Á Asociación de Escritores, artífice desta estimulante festa anual en que nos reunimos arredor dunha persoa que fixo da escritura o seu oficio.

O meu agradecemento, así mesmo, para o Concello de Castro de Rei, que nos acolle nesta fermosa parroquia de Castro de Ribeiras de Lea.

E, xaora, a todas as persoas que vos achegastes hoxe para compartir con Xabier este día memorable. De antemán, grazas por ter a paciencia de escoitarme.

UNHA EXPLICACIÓN

Parafraseando as liñas inesquecibles coas que comeza *Reencontro*, esa marabillosa alfaia que Fred Ullman escribiu en 1960, eu tamén podoo afirmar:

«Entrou na miña vida, e para sempre, o 4 de outubro de 1973».

Esa noite, no diario pedagóxico que eu levaba daquela, anotei estas palabras:

Primeiro día en serio deste ano de prácticas. Destináronme a 7º, para dar Matemáticas con Francisco, un mestre novo, natural da Feira do Monte e que semella un rapaz excepcional. (...) Ao longo do día, contoume algo da súa traxectoria: rematou Maxisterio no 65, deu clase en varios sitios e ata este curso estivo en Peña Redonda, onde dirixiu o departamento de Matemáticas. Vai dirixir tamén o de aquí e, se a cousa vai en serio, pode ser apaixonante. Por outra parte, mamou o galego coma min, e xa me falou dalgún proxecto interesante en perspectiva, como pode ser a elaboración dunha guía sobre o estado das escolas na TerraChá.

Ese Francisco do que falo non é outro que a persoa que hoxe loamos aquí. Oficialmente, Xabier P. DoCampo, aínda que me ides permitir que eu lle chame Paco, como fixen durante toda a vida.

Nun texto moi coñecido, Vicente Risco escribiu:

"Ti dis: Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo. Cada terra é como se fose o mundo enteiro. (...) Pode ela ser pequena en extensión; en fondura, en entidade é tan grande como queiras, e dende logo, moito máis grande de como ti a ves.»

Pois ben, o mesmo podería afirmar eu de Paco, e non porque ninguén diga que é pequeno, senón porque tamén el é un mundo. Se eu quixese agora explicar todo canto leva feito este home na vida, só desde que o coñezo (aló van 41 anos, desde aquel 4 de outubro!), habería que chamar con urxencia ao Restaurante onde imos xantar e pedirles que adiasen a festa ata ben entrada a noitiña.

Mais non podoo, nin debo, facer iso, ben o sei. Así que me conformarei con elixir algunhas das facetas da súa personalidade. Han faltar moitas outras, xaora, mais se escollo ben, malo será que non consiga facer un retrato cabal deste home, da estirpe

dos da Granda de Xermar por parte de pai e da dos Docampo de Castro, por parte de nai. Raimundo, o muiñeiro de Castro, e Teresa, a costureira que recitaba o *Cántico Espiritual*, están nas raíces de todo canto falarei del.

E, xa o dixeran, deixarei fóra os anos en que fuches neno, entre Castro e a do Monte, malia sabermos que é moito deixar, porque foi cando asistiches á creación do mundo e fuches descubrindo os nomes das cousas, nese proceso marabilloso que se repite durante os primeiros anos de cada persoa e que tan ben expresou García Márquez nas liñas iniciais de *Cien años de soledad*.

Podería intentalo pois, a través de ti, sei unha chea de retallos deses anos felices (co teu primo Tomás, coa túa irmá Maruxa, con Tomás, o tío zapateiro, e a súa dona Adelaida...). Outras experiencias non necesito que mas conte ninguén, pois ambos os dous tivémolas semellantes. Viviamos sen saber un do outro, mais arredados só por vinte quilómetros, aínda que daquela esa podía ser unha distancia enormísima. Aprendemos as mesmas palabras que serven para nomear o mundo, esas que citas con orgullo en moitos dos teus textos. Palabras da túa estirpe, e da miña, alimentadas ambas polo galego da Chaira.

Por riba, aos dous nos tocou vivir a etapa das grandes transformacións, como lle chama Ignacio Ramonet, no seu libro *Un mundo sin rumbo*:

«Os efectos do progreso técnico e as consecuencias sociolóxicas da expansión durante o período 1945-1975 (éxodo rural e descristianización, culto ao ocio e liberación dos costumes, explosión dos medios audiovisuais e da comunicación) fixeron saltar estruturas espirituais seculares e destruíron referencias culturais moi antigas.»

E, se cadra polo pouso relixioso que temos todos os nados nos anos corenta e cincuenta, cando a Igrexa Católica pairaba omnipresente sobre nós, vou elixir dez facetas para falar de ti. Dez, coma os dez mandamentos. E máis, despois de que o señor Google me indicase que na Biblia o número dez aparece citado 242 veces. Algo bo ten que ter!

1. NARRADOR ORAL

Comezarei pola loanza das palabras pois, como ben dis, "o acto de amor máis sublime que coñezo é contar unha historia". Ademais, por algunha hai que empezar e, cronoloxicamente, a oralidade está no inicio de todo. Como convén lembrar, nestes tempos en que o mundo está inzado de pantallas, ti e mais eu fomos dos nenos que medramos sen a presenza da televisión. Había a radio, si, mais aínda tardou algo en entrar nas nosas casas. Así que, antes que nada, descubriches a marabilla de escoitar historias, ás veces en forma de canción, dos labios do teu pai, ou da túa nai, ou doutros parentes e veciños que se achegaban pola casa. Historias de risa ou de medo, de aparecidos ou de crimes... Historias que fascinaban, mais que, sobre todo, transmitían unha visión do mundo e un raro pracer: o pracer de contalas, o pracer de escoitalas. Era a literatura manifestándose na cociña dunha casa coma as outras. Un milagre cotiá.

Desas fontes bebiches, e abofé que o fixeches con proveito. Porque poucas persoas haberá que conten as historias tan ben como o fas ti. E, se cadra, non hai ningunha que experimente tanto pracer como o que se che nota ao comprobares que os demais quedamos engaiolados polas palabras que saen dos teus beizos, tanto ten que sexa unha historia real ou imaxinada. E, estou ben certo, no teu xeito de contalas ecoan as mañas do señor Raimundo e da señora Teresa, tan semellantes ás que Cunqueiro pon en boca do señor Elimas en *Merlín e familia*.

2. LECTOR APAIXONADO E VORAZ

Non tardaches en descubrir que as historias non só se encontraban nos labios dos maiores. Tamén estaban nos *tebeos* (coa axuda de Tomás, ao primeiro), e na radio, e na pantalla do Imperial Cinema, cando tiñas a fortuna de visitalo. E nos libros, xaora, aínda que a algún lle faltasen as primeiras páxinas, como che pasou con *A illa do tesouro*, tan mítico para ti como para min o é *A illa misteriosa*.

Tes contado dun xeito marabilloso, nesa emotiva "Carta á nai" incluída en *Catro Cartas*, a estratexia que, mentres cosía, empregaba Teresa para te enlear nas redes da lectura. Un enredo adubado sempre co amor, que é o Santo Graal no nacemento do desexo de ler.

Cando os nosos camiños se cruzaron --en 1973, xa o dixen-- foi ben doado recoñecérmonos, pois aos dous nos apaixonaban os libros. Por riba, eran múltiples os campos que nos interesaban, de todo tiñamos de vezo de saber.

Tivemos sorte. Neses anos comezaban a publicarse en España títulos e autores que ata daquela estiveran prohibidos. Nacían novas editoriais, e ir por Lume, ou por Molist, ou por Ágora, era sempre unha festa. Non dabamos lido todo o que nos pedía o corpo, esa é a verdade.

E, entre as moitas descubertas compartidas, agardábanos a marabillosa literatura infantil e xuvenil europea, descoñecida en España ata daquela. Roald Dahl, Lewis Carroll, Astrid Lindgren, Michael Ende, Gianni Rodari... Sen sermos conscientes, estaban a sinalarnos o camiño polo que transitaríamos algúns anos máis tarde.

Si, a fame de historias tíñanos ben atrapados, e nunca nos abandonou. Anos despois, cando decidiches afondar nas bases teóricas da lectura e da escritura, comprobaches que a nosa experiencia era universal e que eran moitos os escritores que, dun xeito ou doutro, salientaran a importancia capital das historias na vida de calquera persoa. Álvaro Cunqueiro afirmou que nos eran tan necesarias como beber auga; Paul Auster, coma o pan de cada día; Juanjo Millás escribiu que estamos feitos de pan e de novelas. E Pierre Clanché afirmaba que *necesitamos historias do mesmo xeito que necesitamos soños*. Samuel Beckett aínda foi máis rotundo: "O que necesito é que me conten historias. Tardei moito en sabelo."

¿E logo o cine, Agustín? ¡Aínda has esquecer o cine!

Non o esquezo, non. A túa biografía non se entendería ben sen facer referencia a esoutra fonte de historias e ás películas que te marcaron. As que vías de neno no

Imperial Cinema, ou nos cines de Lugo, ou, xa na adolescencia coruñesa, a festa que supuña ter case vinte salas de cine ao teu dispor, aínda que agora saibamos que moitas películas non entraban en España e que habíamos tardar décadas en velas.

Que ben o contas na entrada que dedicaches a Tuto Vázquez!:

O cinema foi a primeira paixón que compartimos. Vimos xuntos centos e centos de películas. Deixabamos as clases para irmos ao cinema. El deu en gardar as entradas e un día de xaneiro chamoume por teléfono para me dicir que no ano anterior víramos xuntos trescentas películas. Para mercar o billete chegaba con que un dos dous tivese cartos. As nosas conversas eran sobre cinema, xogabamos a adiviñar nomes de actores secundarios. Cando estabamos xuntos ninguén sabía tanto de cinema coma nós.

Esta paixón polo cine continúa hoxe, se cadra cunha intensidade maior, porque agora andan pola túa cabeza as películas --e os actores, e as actrices-- de toda unha vida.

3. ESCRITOR DAS TÚAS PROPIAS HISTORIAS

Algún día tiña que suceder, como unha consecuencia das dúas facetas anteriores: a paixón pola lectura e o dezo de contar historias. Era esperable que nacesse o desexo de escribir as túas propias narracións. E aínda máis se a encrucillada do tempo te colocou na oportunidade de facelo en galego e, en palabras de M^a Xesús Fernández, "asumir un compromiso persoal cun país, cunha lingua e cunha concepción do ensino". Primeiro naceron as moitas historias que se precisaban para o traballo de Preescolar na Casa, esas que foron xermolo de ben textos que publicaches despois.

E logo, como unha fervenza, foron chegando os libros. Lembro ben a tarde de agosto de 1985, en Mugardos, en que lin o mecanoscrito de *O misterio das badaladas*. Querías saber a miña opinión e eu deicha, ben favorable. Despois pedíchesme que prologase a 1^a edición, cousa que fixen encantado.

Publicado ese libro, que axiña se converteu nun fenómeno de vendas, foron chegando os outros, abrindo camiños que ata daquela non existían na literatura galega.

Calquera os cita aquí todos! Aínda así, non me resisto a nomear algúns que eu considero alfaias, marabillas que han quedar porque neles está o xenio da lingua, porque neles consigues transmitirnos a emoción máis intensa, porque non saímos da súa lectura igual que cando entramos.

Refírome a títulos como *Catro cartas*, *Bolboretas*, *O libro das viaxes imaxinarias*, *O país durminte*, *Cando petan na porta pola noite*, *A casa da luz* ou a tan recente *A illa de todas as illas*. Os máis deles, en feliz coautoría con Xosé Cobas: exemplo perfecto do que debe ser a simbiose entre texto e ilustración.

4. O OFICIO DE ENSINAR

Coma tantos membros da nosa xeración, ambos os dous eliximos un dos oficios máis fermosos: o traballo nas aulas. Nas aulas, ou de cociña en cociña, como fixeches

durante os anos de Preescolar na Casa. Algo que tamén te levou a elaborar materiais didácticos, e libros de texto, e programas de radio e de televisión. Sempre en galego, xaora!

Comezamos o noso traballo nos últimos anos do franquismo, vivimos con grandísima ilusión e esperanza os tempos novos que parecían chegar tras a desaparición do ditador. Xa o dixen máis veces e reitéroo aquí: a nosa xeración tiña a ambición desmesurada de que co traballo nas aulas poderíamos cambiar o mundo.

Como ti escribiches hai uns meses, propoñíámonos "inventar de novo este oficio da docencia e romper cos usos rutineiros e carentes de calquera ambición de progreso educativo que a ditadura promovía". E algo axudamos, xaora que si, aínda que sempre foi moi grande a distancia entre a realidade e o desexo.

Na Coruña, en Malpica, en Ferrol, en Cambre... En Nova Escola Galega, na *Revista Galega de Educación*, nas Xornadas de Pedagogía, nos programas de radio de Preescolar na Casa...

Ninguén poderá negar que trouxemos, que trouxeches, uns novos xeitos de nos relacionar co alumnado, unha nova concepción da educación, a procura de vieiros novos nos métodos didácticos... E a loita diaria pola normalización da lingua, coa conciencia clara de que unha nova escola galega só poderíamos acadala desenvolvendo a nosa vida profesional en galego.

5. A PROMOCIÓN DA LECTURA

Nunca te conformaches con ser só un lector apaixonado, como tampouco che bastou pasar ao outro lado do espello e construír as túas propias ficcións. Non. Desde que te coñecín, fuches consciente de que unha vía esencial para acadar unha sociedade democrática, para transformar o mundo desde as aulas formando persoas libres e críticas, pasaba por esa capacidade imprescindible que é a lectura.

E así foi como, ademais da práctica guiada pola intuición, comezaches a ler e a investigar sobre o tema, a impartir charlas e participar en seminarios, a escribir artigos e reflexións, moitos artigos espallados en revistas, en volumes colectivos ou na Rede. Algún día terás que recollelos en libro, é unha conta que tes pendente con todos nós.

Agora sabes ben que a adquisición da competencia lectora é un camiño longo, que se constrúe tramo a tramo. E coñeces os camiños equivocados que aínda algunhas persoas se empeñan en seguir. Creo que é moito o que fixeches nesta faceta, na que aínda has construír ben máis cousas.

E, home non, non podo esquecer aquí os centos de charlas e encontros con nenos e nenas, con pais e nais, con grupos do profesorado. Un traballo inmenso, dos que non se ven externamente. Un traballo feito sempre con toda a xenerosidade, coa conciencia de que o que un sabe debe poñelo en común e non gardalo para si.

6. UNHA LOANZA DA AMIZADE

Se hai dúas facetas que brillan especialmente ao falarmos de Paco, son esta e mais outra á que logo me referirei. "Nunha cea de amigos", o fermoso poema de Aquilino Iglesia Alvariño, podería estar asinado por Xabier, desde o verso primeiro ao derradeiro.

É ben certo que todas as persoas temos amigas e amigos, mais non o é menos que a amizade que Xabier manifesta e cultiva ten uns graos máis de intensidade. Este home non podería vivir sen amigos, morrería de tristeza se lle faltase a amizade.

Xeneroso e desinteresado, sabe ben que, malia ser a amizade unha planta resistente, adaptada para sobrevivir ás adversidades, non é menos certo que medra máis vizosa e dá os mellores froitos se se cuida día a día, coma se fose a máis delicada das orquídeas.

A alegría que manifesta nos reencontros, nas conversas que nos serven para comentar as reviravoltas da vida, o pracer de compartir un xantar, a disposición a axudar sempre que se precise. Así é Xabier. A súa nómina de persoas amigas é ampla e xenerosa, aínda que dentro dela haxa un núcleo de persoas especialmente queridas.

"Non camiñes diante de min, se cadra non son capaz de seguirte.

Non camiñes por tras de min, pode que eu non sexa ningún guía.

Só camiña á par de min, e sé o meu amigo",

escribiu Albert Camus. Iso é o que nos di Paco cada día, e non sei se é consciente de canto lle agradecemos, aínda que non llo digamos, esa invitación a camiñarmos xuntos.

7. BO COMEDOR, MELLOR COCIÑEIRO

As facetas enrédanse coma as cereixas, ben se ve que esta é unha filla da anterior. Porque a Xabier gústalle comer ben, mais coa condición de que sexan manxares compartidos. Poucos haberá que sintan máis satisfacción ao sentar cun grupo de persoas amigas para compartir os alimentos e gozar da compañía e da conversa.

Mais non é un segredo que é moito máis que un amante da boa mesa. Tamén se lle dá moi ben meterse na cociña e preparar algún deses pratos deliciosos que sabe facer, nos que non ha faltar nunca un toque particular que personalice a receita de orixe.

Yolanda Castaño e Andrea Costas fotografaron todo o proceso que seguiu Xabier para preparar un dos seus pratos-estrela: "Peixe sapo en prebe de abelás e viño albariño". Andrea fotografouno coa súa máquina, e Yolanda coas súas palabras:

"...alí comezou a levedarlle o gusto de cociñar con tanto afecto: preparar para os que ama pratos substanciosos e esperar o alto pago dos sorrisos satisfeitos (...) Fuxir coma da peste de condimentar o mesmo prato cada vez de igual maneira, con ansia acesa e consciente de fabular e de inventar, de sorprender os da casa cun xeito distinto nun peixe corrente. Algo de novo que nos renove, que se nutra da memoria, e á vez alimento o que soñamos ser."

Ben por Yolanda, que soubo ir á cerna do teu pracer de cociñar!

8. PAIXÓN POR OUTRAS FORMAS DE CONTAR

Xa me referín antes ao que Ignacio Ramonet chamou "a etapa das grandes transformacións". Dun mundo sen radio nin televisión, dunha cultura de tradición oral, marcada polo paso das estacións, pasamos nunhas décadas á inflación de pantallas, de imaxes e de voces, característica deste século XXI.

Algunhas persoas da nosa xeración desenvolveron unha teimuda resistencia aos cambios para continuaren vivindo coma se estes non existisen. Non foi o caso de Xabier, que soubo ver sempre as posibilidades de cada medio, as fronteiras que derrubaba e, tamén, os perigos que ofrecía. Nin apocalíptico nin integrado, tal é a súa actitude.

Por iso atopamos a Xabier facendo radio en distintas emisoras, en programas de formatos moi diversos. Unha canle nova para comunicar.

E o mesmo podemos dicir da televisión, aínda que aquí as oportunidades de traballo fosen menores. Pero ben que as aproveitaches, o mesmo que as oportunidades de facer cine que se che presentaron. Ao cabo, todas son canles para contar historias. Como tamén o foi o teatro, onde tanto fixeches, fose en grupos profesionais, fose montando obras de teatro escolar.

Eses anacos da túa biografía deixaron pegada, xaora que si. Por iso, se sae un trebello novo, raro será que ti non esteas fedellando nel ao pouco tempo. Aberto aos cambios, curioso e tamén crítico. Se cadra porque es consciente de que todo o que contribúa a ampliar o mundo, a podermos comunicar con máis xente, é sempre unha vía que debemos aproveitar, sobre todo quen tivemos a fortuna de asistirmos a esta viaxe de vertixe que nos levou da Galicia dos anos cincuenta a este mundo do século XXI.

9. A FIDELIDADE ÁS RAÍCES, Á ESTIRPE, Á TERRA

Se algo tiveches sempre claro, amigo Paco, é que somos fillos dun tempo e dun país. Poderíamos ter medrado noutra época ou noutro lugar, mais daquela xa non seríamos nós.

Pertencemos a este espazo onde o mundo se chama Terra Chá. Aquí fomos descubrindo a vida, aquí aprendemos os nomes das cousas. E se algo levaches sempre con orgullo é a lembranza e a asunción destas túas raíces. Ti dilo mellor ca min, xaora, así que estas son palabras túas:

«Son fillo de Raimundo de Granda, o muiñeiro de Castro, que enfiaba sucedidos como quen fai un colar de zonchos. Deume moitas cousas na vida que compartimos, pero quero traer aquí dúas que se relacionan co meu oficio da escrita. Deume o desexo de contar, sen el non hai literatura, é algo que non se aprende, tense ou non se ten. Eu sempre pensei que se trata de algo que tampouco é xenético, algo que debe ser osmótico, que se che mete dentro por contacto íntimo con alguén que ama contar. Así mo pasou meu pai a min. E deume tamén un xeito de contar que resoa no máis afastado pasado deste pobo. (...)

»E son fillo de Teresa DoCampo que cantaba cuplés e tangos e que recitaba o *Cántico Espiritual* de Juan de la Cruz cun dicir que te emocionaba até as bágoas. E explicábamoo con máis acerto e verdade que calquera dos profesores de literatura que tiveron máis adiante. Ela, contándome os libros que lera na súa vida e recitándome centos de versos, meteume no corpo e na alma o amor á literatura. Dela recibín o gusto pola palabra, o fascinio da palabra como experiencia literaria primeira.(...)

Entenderedes que, despois destas palabras de Xabier, calquera outra que eu engadise estaría de máis.

10. A PATRIA DA LINGUA

Xunto coa faceta da amizade, esta é a outra que me parece esencial para entender quen es. Consciente das difíciles situacións históricas que viviu, e que vive, a nosa lingua, fuches sempre fiel ao teu compromiso con ela. Na vida diaria, nas aulas, nas manifestacións públicas e, xaora, na túa práctica literaria e periodística.

Que doado sería vivirmos nun país cultural e lingüisticamente normalizado! Podérmolos entregar ao traballo de escribir sen ver cuestionada a todas horas a materia coa que traballamos. Mais a realidade lémbra-nos cada día que algo non vai ben e que os fíos que moven os que de verdade mandan conspiran para mantermos na reserva, á espera dalgún Wound Knee simbólico.

Formamos parte dunha xeración á que nos corresponde traballar arreo para a dignificación social da nosa lingua. Tocounos comprobar canto custa construír, canto esforzo se precisa para avanzarmos en contextos desfavorables... e tócanos agora ver que doado é derrubar todo o que levou anos erguer.

Mais en persoas coma ti non cabe o desánimo, e que ben soubeches chamar por nós cando agromou en ti a idea do que logo sería ProLingua. Un valado para nos defender e para reivindicar o esencial. Desde hai algúns anos, repítelo moitas veces: "nós non mentimos". Nós imos coa verdade por diante, conscientes de que a razón está nas nosas ideas e propostas. Con alegría, desmontando coa nosa práctica os insidiosos prexuízos que outros sementan na sociedade e nas familias. Para traballar en positivo, para elaborar propostas que fagan realidade "vivir en galego". Para demostrar que amamos e defendemos a pluralidade lingüística, mais nunca a costa de deixar arrombada a nosa lingua no faiado.

Destes problemas nosos falaches e escribiches ben veces. Túas son estas palabras:

(...) A defensa da lingua é a defensa de nós mesmos, sen ela non somos nada no mundo, perdemos as dimensións que nos fan visíbeis, que nos dan o espesor necesario para sermos cidadáns do mundo

(...) O idioma non é de ninguén, porque é de todos. Non é de onte nin de hoxe, porque é de sempre. A lingua non se protexe nin se preserva para os de hoxe, senón que se garda e continúa para os de sempre, para os que foron, para os que son e para os que han ser. A lingua nin sequera é patrimonio dos que a usan, senón que é un ben da humanidade enteira. Patrimonio para preservar, coidar e estender no seu uso, e para

entregar con xenerosidade e con orgullo aos nosos fillos e aos nosos netos e que así se fagan responsábeis da cadea que tamén a eles haberá de transcender.

11. HAI QUE IR REMATANDO...

Non sei se durarán ou non mil primaveras, mais o penedo que acolle as túas palabras e a cerdeira que alimentará todos os merlos da contorna, han ver pasar as primaveras e as xeracións nesta vila que te acolleu de neno e que agora pecha o círculo coa homenaxe de hoxe.

Benquerido Paco, ou Xabier, ou Docampo... xa moito me aturaron estas persoas, así que me deteño aquí. E para concluírmos, qué mellor que as palabras que adiantamos no tríptico da AELG:

«O acto de amor máis sublime que coñezo é contar unha historia», afirma Xabier. Eu sempre enlazo estas palabras súas cun dos versos máis fermosos de José Ángel Valente: «El que da una palabra, da dun don». Porque iso é o que fai Xabier, un narrador extraordinario: colmarnos de agasallos a quen temos a fortuna de escoitalo ou de lelo: palabras de amor á lingua, á estirpe, á nación, ás persoas, á VIDA.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ